



## **NORMATIVA GALEGA DE COMPETICIÓNS**

### **TEMPADA 2013-2014**

#### **RECTIFICACIÓN CATEGORÍAS**

**Aprobada en asamblea xeral do 12 de outubro de 2013**



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**





## **NORMATIVA DE COMPETICIÓN FESSGA**

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **ARTIGO 1**

1.1. A tempada oficial de salvamento iniciarase o día 1 de outubro de cada ano e rematará o 30 de setembro do ano seguinte.

1.2. As competicións aprobaráanse pola Asemblea Xeral da FESSGA, mentres que os cambios serán aprobados en comisión delegada.

1.3. É indispensable, para poder participar en calquera competición de ámbito rexional que todos os socorristas dispoñan da licenza en vigor, tramitada pola Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.

1.4. As solicitudes de renovación de licenza, cos seus resgardos bancarios, enviaráanse á secretaría da FESSGA, ata **20 días** naturais antes da celebración do primeiro campionato do calendario galego no que vaian participar para poder validar as mínimas que poidan acadar en dito evento.

**Así como o listado oficial da RFESS cumplimentado por orden alfabético e debidamente firmado e sellado polo club de aqueles deportistas que vaian a participar a nivel nacional ou pretenda acadar mínimas para Campeonatos de España.**

#### **DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

- **Programa FESSGA de licencias.** (Cada vez que se renove unha licenza, debenos enviar o programa actualizado cos datos dos novos deportistas).
- **Resguardo bancario.**
- **Formulario RFESS** de renovación firmado e sellado polo club. Só para participar a nivel nacional.

NOTA: Toda esta documentación deberá entrar no correo: [deportefessga@gmail.com](mailto:deportefessga@gmail.com) nos períodos e prazos establecidos.

1.5. Non se considerará unha renovación de licenza ou afiliación de clube debidamente cumprimentada, se non se adxunta á solicitude de dita renovación, o resguardo bancario correspondente ó pago do mesma, nin en outro formato diferente ó que esixe a FESSGA.

1.6. Ningún socorrista deportivo poderá participar en Competicións Territoriais sen licenza e sen seguro, (tendo en conta todo o anterior.)





1.7. As renovacións de licencia RFESS, cúa tramitación sea incorrecta polo incumplimento de algún dos requisitos do apartado 1.4. , terán un coste adicional de **15 €**.

1.8. O xuíz principal da competición, se o estima oportuno, poderá solicitar ó deportista a súa licencia federativa da tempada correspondente, para realizar calquera comprobación. Por iso, tódolos clubs deberán levar as licencias dos seus deportistas a tódalas competicións organizadas pola FESSGA.

## **ORGANIZACIÓN, DIRECCIÓN E PARTICIPACIÓN**

### **ARTIGO 2**

2.1 A FESSGA asume a responsabilidade da organización das competicións oficiais xunto coa entidade designada para organizar a competición.(Campionatos Galegos).

2.1.1. Para as xornadas de liga a FESSGA encargárase de recoller as inscricións, elaborar as series e publicar os resultados, así como nomear os árbitros correspondentes.

Mentres que o clube anfitrión encargárase da organización no espazo no que se realicen as probas, praia ou piscina, preverá os colaboradores necesarios para a colocación do material e os cronometradores adecuados e suficientes. (Piscina; 6 colaboradores, 6 cronometradores, un espiker e unha persoa para cámara de saídas. Praia; 6 colaboradores).

2.2 A FESSGA é a encargada da dirección dos Campionatos Galegos: Senior, Xúnior, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín e Master de inverno e de verán;

Por isto nomeará:

2.2.1 Director Técnico da competición.

2.2.2 Comisión de Competición.

2.2.3 Xurado da Competición a través do Presidente de árbitros ou persoa elexida pola FESSGA para desempeñar esas funcións.

2.2.4 O Director Técnico da Competición, terá plena autoridade sobre os asuntos non atribuídos segundo regulamento ó Xuíz Principal, xuíces e outros oficiais, e terá a capacidade de modificar o horario das probas ou a orde das mesmas, dar as instrucións necesarias dacordo cos regulamentos aprobados para organizar cada proba.

2.2.5. A Dirección de Competición estará facultada para resolver, en primeira instancia, as posibles anomalías da competición.

O seu veredicto poderá ser recurrido, con posterioridade, ante a Comisión de Competición da FESSGA.





A Comisión de Competición estará formada por:

- 1- O Director Técnico da Competición.
- 2- Un membro Directivo da FESSGA.
- 3- Un membro da organización.
- 4- O xuíz Principal da Competición.
- 5- Un representante elixido por sorteo entre os delegados dos clubs participantes.

2.2.6. A FESSGA, nomeará os seguintes árbitros para o control da Competición:

Xuíz Principal, Xuíz de Saídas e 1 xuíz de recorrido e os xuíces cronometradores. (Ctos Galegos).

### **ARTICULO 3**

3.1. Poderán participar nas xornadas de liga, os socorristas que teñan a correspondente licenza FESSGA.

3.2. Nos Campionatos Galegos de Inverno, non poderán participar nin en relevos nin en individual, aqueles deportistas que non teñan acadada algunha mínima.

3.3. Cada clube poderá inscribir dous equipos de relevos en piscina e tres equipos en praia, e un número indeterminado de deportistas para cada proba.

3.4. Un socorrista que non participe nunha proba para a que esté inscrito, sen darse de baixa, segundo establece o artigo 8, Apartado 2 non poderá participar en ningunha outra proba da sesión (mañán ou tarde).

3.5. Establécese para a participación nas xornadas de liga e Campeonatos Galegos organizados pola FESSGA unha cuota de 1 € por deportista. Non serán admitidas as inscricións que non veñan acompañadas do correspondente xustificante de pago. (Cuota destinada ó pago dos xuíces cronometradores e colaboradores).

3.6. Para as xornadas de liga establececese un límite de participación nas categorías xuvenil, xunior e senior de 2 probas por xornada.

### **CONTROL DE INSCRIPCIÓNS.**

#### **ARTIGO 4**

4.1 Os Clubs terán que cubrir as relacións nominais, no programa correspondente, os tempos acreditados serán os obtidos dende o 1 de outubro da tempada anterior.





4.2 As falsificacións dos nomes ou das idades dos participantes, conlevará a descalificación do deportista en todo o evento.

4.3 As relacións nominais, terán que enviarse soamente á FESSGA. ó e-mail: [deportefessga@gmail.com](mailto:deportefessga@gmail.com)

4.4 As relacións nominais terán que estar na FESSGA, o **mércores** antes da xornada de liga correspondente as 00:00 h. e o **lúns** no caso dun Campionato Galego. Os clubs terán que comprobar telefónicamente ou mediante acuse de recibo electrónico a súa chegada

4.5 Non se aceptarán as inscricións que sexan diferentes ós modelos oficiais.

4.6 Para as inscricións teráanse que utilizar o programa de inscricións RFESS.

4.7 Será obrigatorio no momento da inscrición cumprimentar os compoñentes das probas de relevos. Ditos compoñentes podrán ser modificados na reunión técnica ou media hora antes da competición.

## FÓRMULA DE COMPETICIÓN

### ARTIGO 5

5.1. En tódalas probas dos Campionatos Galegos, as competicións serán da seguinte maneira:

5.1.1 Series eliminatorias e finais.(só praia).

5.1.2 Series contra reloxo.

Cada competición rexirase segundo a fórmula específica que a tal efecto será regulamentada.

5.2. Nas competicións que se celebren pola fórmula de eliminatorias e finais; se só se celebrara unha serie, poderase nadar como unha final e celebrala na xornada de finais, segundo determine o Director Técnico da Competición e previo aviso ó Xuiz Principal.

5.3. **Todas as probas de piscina e praia, rexiranse pola norma de SAIDA ÚNICA, excepto as categorías alevín e infantil.**

5.4. Nos Campionatos Galegos con mínimas, haberá dúas taboas.

5.4.1 As mínimas "A" teñen asegurada a participación no citado campionato na proba onde se acadou dita mínima. Nunca se poderá participar en outra proba que non se teña a mínima acreditada.

5.4.2 As mínimas "B" son para completar unha participación máxima por proba de 24 deportistas.

### ARTIGO 6





6.1. Cando dous ou máis socorristas empaten nas series eliminatorias, tendo a opción de un lugar nas series finais, realizaráse unha proba de desempate entre eles que terá lugar ò finalizar a sesión correspondente. Agás o que sinalen as normativas de cada competición.

6.2. Os tempos conseguidos nas probas de desempate constarán nas actas dos resultados e consideraránse válidas como tempos oficiais dos socorristas, sen que por isto se modifique a súa clasificación na proba.

6.3. Se ó celebrarse a proba de desempate, nesta volvérase a producir, realizaráse un sorteo.

6.4. Se unha falta pon en perigo as oportunidades de éxito dun socorrista nunha proba, o xuíz principal está cualificado en probas de piscina a autorizalo a tomar parte en outra serie, ou repetir a serie se a falta se comete nunha final ou proba de praia.

## **ARTIGO 7**

7.1. As baixas das sesións eliminatorias e das finais, o realizarse a baixa nunha final, o deportista na clasificación xeral puntuará por detrás do resto dos finalistas.

7.2. A ausencia inxustificada dun socorrista nunha saída sen ter comunicado a súa baixa, suporá a baixa do socorrista nas probas a competir en toda a sesión.

7.3. Se un deportista non pode disputar unha proba no transcurso da competición, debe comunicalo ó Xuíz Principal, que valorará xunto ó Director de Competición se a causa é xustificada, en caso contrario aplicarásese o disposto no artigo 7 apartado 2.

7.4. Se a ausencia dun nadador é causada por unha lesión, que precisa de atención médica, adxuntarásese o parte médico ou fotocopia ás actas de competición.

## **ARTIGO 8**

8.1. As puntuacións para cada unha das competicións se regulamentarán ó comenzo da temporada deportiva.

Os socorristas que participen na final "A" ocuparán os postos do 1 ó 6 (8), e os das finais "B" os seguintes 7 ó 12 (9 a 16), sen que un participante da final "B" se clasifique por diante dun socorrista da final "A", aínda que o seu tempo sexa mellor.

Os socorristas que sexan descalificados, nunha final "A" ou "B", clasificaránse no derradeiro posto da final correspondente, sempre por diante dos non presentados ou baixas, obtendo os descalificados a





puntuación seguinte ó derradeiro clasificado e a continuación a puntuación seguinte os non presentados ou baixas. Se os deportistas son dous ou máis, súmanse os puntos destes e divídense entre eles.

Isto será válido sempre e cando a final non sexa directa, en este caso a puntuación sería 0.

A puntuación para as probas individuais será a que se describe no cadro seguinte, sendo o dobre para as probas de equipos.

LUGAR	PUNTOS	LUGAR	PUNTOS	LUGAR	PUNTOS	LUGAR	PUNTOS
1	20	5	13	9	8	13	4
2	18	6	12	10	7	14	3
3	16	7	11	11	6	15	2
4	14	8	10	12	5	16	1

En todas as puntuacións dos diferentes campionatos, valorarásese cunha puntuación adicional os records seguintes:

Récord do Mundo:	100 puntos.
Récord de Europa:	80 puntos.
Récord Nacional Absoluto:	60 puntos.
Récord Nacional Categorías:	40 puntos.
Récord Galego Absoluto:	20 puntos.
Récord Galego de categorías:	10 puntos.

Para obter o dereito a unha medalla en finais é condición indispensable que o socorrista participe na final na cal se clasificou e non foi descalificado.

8.2. Os records Galegos homologarásese coa media de dúas marcas, a do xuíz cronometrador e a do xuíz principal, mentres que o resto de records fará falla unha terceira marca.

## **ARTIGO 9**

9.1. As reclamacións son posibles:

9.1.1 Se as normas e regulamentos para a realización da competición non se respetan.





9.1.2 Se outras condicións poñen en perigo a competición ou ós competidores.

9.1.3 Contra as decisións do Xuíz Principal.

9.1.4 Poderase presentar un video como proba da reclamación sempre e cando esté dispoñible dentro dos 30 min. seguintes a presentación da reclamación e non exista un video oficial.

9.2. Toda reclama deberá presentarse antes de (15 min.) tras a finalización da proba ou antes de (15 min.) dende a publicación dos resultados.

9.3. As reclama que fagan referencia a erros nos resultados dunha competición, deberán facerse nun prazo máximo de 10 días naturais dende a publicación destes na páxina web ou ser enviados por e-mail ós clubs. Si a reclama excede deste tempo non se admitirá a tramite **en ningún caso.**

## DOCUMENTACIÓN

### ARTIGO 10

10.1. A entrega de documentación efectuarase vía e-mail como mínimo un día antes da competición no correo de cada club participante.

10.2. Non se entregará documentación na competición salvo que houbera que facer rectificacións de última hora.

## NORMATIVAS DE IDADES

### ARTIGO 11

CATEGORIAS	MASCULINA/FEMININA
ALEVÍN	Nados entre 01/01/2004 e posteriores.
INFANTIL	Nados entre 01/01/2002 e 31/12/2003
CADETE	Nados entre 01/01/2000 e 31/12/2001
XUVENIL	Nados entre 01/01/1998 e 31/12/1999
JÚNIOR	Nados entre 01/01/1996 e 31/12/1997
SENIOR	Nados entre 01/01/1995 e anteriores.







O día concreto de establecemento da data coincidirá coa publicación da data do Cto. De Europa Junior. Se non hai Cto. de Europa, a data estableceráse o 1 de outubro.

CATEGORÍAS MASTER	
INDIVIDUAL	RELEVOS
30/34	+120
35/39	+140
40/44	+170
45/49	+200
50/54	
55/59	
60/64	
64/69	
+70	

11.1. En canto ás categorías, poderase completar un equipo infantil con alevíns, un cadete con infantís, sempre e cando participe ó menos un cadete en dito relevo. O mesmo poderá suceder nas categorías xuvenil, xúnior e senior, podendo completar un equipo xúnior con xuvenís ou un senior con xúnior.

11.2. O deportista que participe nunha categoría superior, debe manterse nesa categoría durante todo o campionato en canto a relevos se refire.

11.3. Na categoría cadete poderase subir un único deportista para completar un equipo xuvenil.

11.4. Descrición das probas por categoría:

Categoría	Piscina		Praia	
	Individual	Equipos	Individual	Equipos
<b>Alevín</b>	1.- 50 Obstáculos 2.- 50 resc. Aletas 3.- 25 arras. manequí	1.- 4 x 25 obstáculos 2.- 4 x 50 nata. Aletas	1.- bandeiras 2.- nadar - surf	1.- relevo sprint.
<b>Infantil</b>	1.- 100 obstáculos 2.- 50 resc. Aletas 3.- 25 arras. Manequí 4.- 50 socorrista.	1.- 4 x 50 obstáculos 2.- 4 x 50 nat. Aletas 3.- 4 x 50 tubo rescate 4.- 4 x 12,5 arras man	1.- bandeiras 2.- carreira con táboa 3.- nadar - surf	1.- salvamento tubo. 2.- relevo sprint praia.





<b>Cadete</b>	1.- 150 obstáculos 2.- 50 resc. Aletas 3.- 50 arras. Manequí 4.- 75 combinada 5.- 100 supersocorrist	1.- 4 x 50 obstáculos 2.- 4 x 50 nat. Aletas. 3.- 4 x 50 tubo rescate 4.- 4 x 12,5 arras man	1.- bandeiras 2.- carreira con táboa 3.- nadar – surf 4.- sprint – praia	1.- relevo sprint praia 2.- salvamento tubo 3.- Rescate con táboa
<b>Xuvenil</b>	1.- 200 obstáculos 2.- 100 resc. Aletas 3.- 50 arras. Manequí 4.- 100 combinada 5.- 200 supersocorrist 6.- 100 socorrista	1.- 4 x 50 obstáculos 2.- 4 x 25 arrastre man 3.- 4 x 50 tubo rescate 4.- Lanzamento corda.	1.- bandeiras 2.- sprint praia 3.- nadar – surf 4.- carreira con ski 5.- carreira con tabla 6.- ocean woman/man	1.-. Relevo sprint 2.- rescate con táboa 3.- salvamento tubo 4.- taplin
<b>Xunior</b>	1.- 200 obstáculos 2.- 100 resc. Aletas 3.- 50 arras. Manequí 4.- 100 combinada 5.- 200 supersocorrist 6.- 100 socorrista	1.- 4 x 50 obstáculos 2.- 4 x 25 arrastre man 3.- 4 x 50 tubo rescate 4.- Lanzamento corda	1.- bandeiras 2.- sprint praia 3.- nadar – surf 4.- carreira con ski 5.- carreira con tabla 6.- ocean woman/man	1.-. Relevo sprint 2.- rescate con táboa 3.- salvamento tubo 4.- taplin
<b>Senior</b>	1.- 200 obstáculos 2.- 100 resc. Aletas 3.- 50 arras. Manequí 4.- 100 combinada 5.- 200 supersocorrist 6.- 100 socorrista	1.- 4 x 50 obstáculos 2.- 4 x 25 arrastre man 3.- 4 x 50 tubo rescate 4.- Lanzamento corda	1.- bandeiras 2.- sprint praia 3.- nadar – surf 4.- carreira con ski 5.- carreira con tabla 6.- ocean woman/man	1.-. Relevo sprint 2.- rescate con táboa 3.- salvamento tubo 4.- taplin
<b>Master</b>	1.- 200 obstáculos 2.- 100 resc. Aletas 3.- 50 arras. Manequí 4.- 100 socorrista	1.- 4 x 25 arras. man 2.- 4 x 50 tubo resc.	1.- bandeiras 3.- nadar – surf 3.- carreira con ski 4.- carreira tabla	1.- resc. con táboa 2.- salvamento tubo

## CONTROL ANTIDOPING

### ARTIGO 12

12.1. Os controis poderanse realizar, no seu caso, durante os Campionatos Galegos Absolutos e Xúnior de inverno e de verán.

12.2. A Comisión Técnica da FESSGA reserva o dereito de realizar controis cando estime oportuno (segundo Regulamento Antidoping da FESS e do Consello Superior de Deportes).

12.3. Se o control antidopaxe realizado a un deportista, en conformidade coa normativa en vigor, resultase positivo, o socorrista sancionado perderá a súa clasificación, anulando a puntuación obtida en tódalas probas individuais nas que participara. Entón elaboraráse unha nova clasificación para ocupar o lugar vacante.

12.4. Será de aplicación tamén, o disputado no apartado anterior naquel suposto no que o socorrista participe nun equipo de relevos.

12.5. Todos os deportistas de alto nivel poderán ser requeridos para un control sen previo aviso polo órgano competente.





## PREMIACIÓN

### ARTICULO 13

13.1. Para acadar ser o mellor deportista de cada categoría na liga, sumaranse todos os puntos que os deportistas consigan en cada unha das xornadas de Liga e nos Campionatos Galegos.

13.2. Para acadar ser o mellor clube galego da tempada, sumaranse os puntos acadados por todos os socorristas en cada proba individual de cada xornada de liga e Campionatos Galegos en todas as categorías agás país.

Mentres que os equipos puntuarán únicamente un de cada clube, o mellor clasificado, sumando os puntos acadados na posición na que se atopa.

Exemplo: P.C. Sanxenxo → 40 ptos.  
C.N. Umia → 26 ptos.  
Club SAL → 24 ptos.  
SAPO → 0 ptos.

#### **Lanzamento con corda.**

1	P.C. Sanxenxo (sxx 01)
2	P.C. Sanxenxo (sxx 02)
3	P.C. Sanxenxo (sxx 03)
4	P.C. Sanxenxo (sxx 04)
5	C.N. Umia 1
6	Club SAL

#### **senior Masculino**

00:17,25	40
00:18,18	36
00:18,45	34
00:20,62	28
00:24,80	26
00:23,66	24

Premio mellor deportista : trofeo para o deportista + regalo  
Premios os mellores clubs segundo resultados liga.





## TOMAS DE TEMPOS

### ARTIGO 14

16.1 Cando un clube quere realizar unha toma de tempos, e que ésta sexa válida para a participación en Campionatos da FESSGA ou da RFESS, debe ter en conta os seguintes requisitos:

1. Enviar a solicitude por e-mail á FESSGA xunto coas inscricións en formato txt dos deportistas que van a participar e o resgardo bancario do ingreso.
2. A FESSGA confirmarálle no prazo máximo de 3 días a dispoñibilidade de árbitro Nacional, cuíos gastos abonará o clube que solicita a toma de tempos no momento de facer a solicitude, (50 €).
3. A FESSGA encargaráse de validar os resultados e de envalos á RFESS no formato correspondente.
4. Os clubs deberán ter participado na metade de eventos territoriais de inverno ou a metade mais unha no caso de que sexan impares hata a data de celebración da toma de tempos.
5. O xuíz nacional debe mandar a acta da toma de tempos ó CNA e á FESSGA por correo electrónico e ordinario.
6. As tomas de tempos feitas por un xuíz territorial só terán validez no ámbito da FESSGA.
7. Para facer unha toma de tempos, coa finalidade de participar nos campionatos galegos de inverno, o deportista debe ter participado na metade de xornadas de liga. Ou a metade máis unha se son impares.
8. Unha toma de tempos pode ser denegada por non haber arbitros dispoñibles. O arbitro non debe estar vinculado ó club.

